

PONTE CALDELAS**A N U N C I O**

Por Resolución de Alcaldía con data 16 de outubro de 2009, aprobáronse as bases da convocatoria para prover en propiedade dúas (2), categoría de Policía Local, a cal convócase mediante oposición libre.

Así mesmo, achéganse as bases reguladoras das probas selectivas:

“BASES DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR DÚAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE POLICÍA LOCAL GRUPO C1.

1.—NORMAS XERAIS**1.1. ÁMBITO DE APLICACIÓN**

Convócanse probas selectivas para cubrir indefinidamente, como persoal funcionario, as prazas seguintes:

Convócanse dúas prazas de Policía Local, pertencentes á escala da administración especial, subescala de servizos especiais, dotadas coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscriba a praza.

1.2. LEXISLACIÓN APLICABLE

A realización das probas selectivas axustarase ó establecido nas presentes bases, así como ó disposto na Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local; Real Decreto Lexislativo 781/1.986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local; Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 23/1.988, de 28 de xullo; o Real Decreto 364/1.995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado; Real Decreto 896/1.991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, Lei 4/2.007 de Coordinación de Policía Locais, Decreto 243/2.008 de 16 de outubro polo que se desenvolve a Lei 4/2007 de coordinación de policía locais e a Orde de 28 de xaneiro de 2.009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais.

2.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES**2.1. REQUISITOS XERAIS.**

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reuni-los seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española.
- b) Superar os 18 anos de idade e non ter cumpridos os 36 .
- c) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros os homes e 1,60 metros as mulleres. Este requisito acreditarase mediante declaración xurada sen prexuízo da súa posterior constatación.
- d) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso como funcionario do grupo C1, consono a normativa de función pública (bacharelato, técnico superior de formación profesional, ou equivalente), que se acreditará mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste , e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).
- e) Ser titular dos permisos de conducir das clases A e B con BTP. Deberase achegar copia compulsada dos ditos permisos.
- f) Non ter sido condenado por delito doloso, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante a presentación dunha declaración xurada nos termos sinalados.
- g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada.
- h) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, acreditado mediante declaración xurada.
- i) Presentación dun certificado médico en que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico.

2.2. PRAZO

Tódolos requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de instancias.

3.—SOLICITUDES

As instancias dirixiranse ao Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Ponte Caldelas, e presentaranse no Rexistro Xeral, sen prexuízo do establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, no prazo dos 20 días naturais a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

A instancia conterà, polo menos, os datos persoais do solicitante, co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta e achegando unha copia compulsada do DNI, así como a documentación acreditativa de cumprir cos requisitos xerais esixidos, conforme o establecido na Base 2.1.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.

Os aspirantes quedan vencellados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

4.—ADMISIÓN DE CANDIDATOS

4.1. REQUISITOS XERAIS

Para ser admitidos á realización das probas selectivas os candidatos deberán acreditar o cumprimento dos requisitos xerais establecidos nestas Bases na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

4.2. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1) Finalizado o prazo dos vinte días naturais fixado para presentarse as solicitudes, o alcalde ditará resolución, no prazo máximo dun mes, na que declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con especificación, se é o caso, dos motivos de exclusión, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

2) Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivase a exclusión.

Transcorrido o prazo anterior, ó órgano convocante ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo correspondente, e fixará o lugar e a data de comezo das probas. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación da lista definitiva no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios, e fixando o lugar e a data de comezo das probas.

3) Contra a resolución do alcalde, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro) ou ben un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4) O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados posuí-los requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

4.3 ANUNCIO DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

Unha vez comezado o proceso selectivo non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios da celebración das restantes probas no Boletín Oficial da Provincia. Os anuncios faranse públicos nos locais onde se celebre a proba anterior e no taboleiro de anuncios do Concello con corenta horas alomenos de antelación ó comezo da proba.

5.—COMPOSICIÓN, CONSTITUCIÓN E ACTUACIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES

5.1. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse ós principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, asemade, á paridade entre muller e home.

O número dos membros dos Tribunais nunca será inferior a cinco, así mesmo, a súa composición será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocada e terán voz e voto.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza ós órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A Presidencia, antes de que teña lugar cada unha das probas e xuntamente coa lista de admitidos, publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó alcalde cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

Os Tribunais Cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente: Un/ha Funcionario/a de carreira designado polo Alcalde.
- Secretario: O da Corporación ou funcionario en quén delegue.
- Vocais : Tres funcionarios/as de carreira designados polo Alcalde.

5.2. COMISIONS AUXILIARES E ASESORES ESPECIALISTAS

Cada tribunal poderá dispoñer-la incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

5.3. ACTUACIÓN E CONSTITUCIÓN DOS TRIBUNAIS

O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemen-

to administrativo común, e ás bases xerais e específicas reguladoras desta convocatoria.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo tódalas dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nestas bases, e determinará a actuación procedente nos casos non previstos.

Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as indemnizacións pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

5.4. REVISIÓN DAS RESOLUCIÓNS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

As resolucións do tribunal vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder a súa revisión conforme ós artigos 102 e seguintes da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, en cuxo caso practícaranse de novo as probas ou trámites afectados polas irregularidades.

Os seus acordos soamente poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida nas leis reguladoras do procedemento administrativo e da xurisdición contencioso-administrativa.

6. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

Conforme ó artigo 61.6 da Lei 7/2.007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o artigo 32 da Lei 4/2.007, de Coordinación de policíaas locais e o artigo 8 do Decreto 243/2.008 do 16 de outubro polo que se desenvolve a Lei 4/2.007 de Coordinación de Policíaas Locais, o sistema de selección será a oposición.

6.1 DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS

1) En calquera momento o tribunal poderá requirir ós/ás opositores/ as para que acrediten a súa identidade.

2) A orde de actuación dos opositores para realizaren aqueles exercicios que non poidan facerse de forma simultánea será pola letra "D", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 20 de xaneiro de 2009, pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na Resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 29 de xaneiro de 2009 (DOG n.º 24, do 4 de febreiro), ó tratarse dunha convocatoria correspondente ó ano 2009.

3) Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñerlle ó presidente a

súa exclusión, indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

4) Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios, a relación de aspirantes que o superasen, indicando a puntuación obtida. Os/as opositores non incluídos/as na lista terán a consideración de “non aptos/as”.

5) Desde o momento no que remate un exercicio ou proba ata que comece o seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 45 días naturais.

6) Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o alcalde que os nomeou, segundo o previsto no artigo 114.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999.

6.2.—EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

As probas da oposición son as seguintes, citadas pola orde en que deberán desenvolverse:

1.—Comprobación da estatura e probas de aptitude física

Comprobación da estatura

Antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura dos/as aspirantes, quedando eliminados/as os/as que non acaden a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 para as mulleres.

-Probas físicas

As probas de aptitude física terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas A.1.1, A.1.4 e A.1.5, e alcanzar ou superar os mínimos das probas A.1.2 e A.1.3. Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador. Nas probas de resistencia xeral e natación, dispónse dunha soa posibilidade de execución, no resto permitírase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto.

O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberá realizarse en lugares axeitados ao tipo de proba a executar. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor.

A.1.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chaira de terreo compacto.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar sinalado, podendo realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en segundos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 7,40”.

Mulleres: 8,20”.

A.1.2. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

A.1.2.1. Flexións de brazos.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes. Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans nús, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por enriba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas.

Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo exixible é de 10 flexións.

A.1.2.2. Suspensión en barra.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, presa coas palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por enriba da barra e sen ter contacto con ela.

O tempo mínimo esixido para a superación da proba é de 52 segundos.

A.1.3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes, con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.

O/a aspirante colocarse de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cos dous pés ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña.

As marcas mínimas esixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

Homes: 210 cm.

Mulleres: 185 cm.

A.1.4. Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terreo compacto.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado.

A saída realizarase en pé.

Será eliminado o corredor que abandone a pista durante a carreira.

As marcas máximas (en minutos e segundos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 3',30".

Mulleres: 4',10".

A.1.5. Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer viraxes.

O/a aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co bordo da saída.

Unha vez que se dea o sinal de saída, os/as aspirantes, ben en mergullo ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son:

Homes: 24".

Mulleres: 28".

A.2. Proba de avaliación dos coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar a súa preparación intelectual e o dominio dos contidos do temario que se inclúe nestas bases (ANEXO I).

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal.

Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización.

A proba será cualificada polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$$N = (A - F/3) / 10.$$

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas;

F= preguntas falladas ou non respondidas.

A.3. Probas psicotécnicas.

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/as aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista.

Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista. Consistirán na aplicación dunha proba de intelixencia que medirá a capacidade intelectual e psicomotriz do aspirante; e tamén na aplicación de probas de personalidade destinadas medir os aspectos afectivos e volitivos que permitan unha apreciación global da personalidade dos aspirantes. Cualificaranse como apto/non apto.

A.3.1. Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

A.3.2. Probas de personalidade.

As probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes.

Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade. Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento do estrés e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico dos candidatos.

Deste modo, á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

A.4. Proba de recoñecemento médico.

O recoñecemento médico será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Cualificarase como apto/non apto.

Para os efectos da exclusión do/a aspirante, térase en conta o seguinte:

1. Obesidade-delgadeza.

Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.

2. Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

Para os diagnósticos establecidos teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantíranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

3. En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas para os efectos do proceso selectivo, calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. A solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, o tribunal poderá determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias.

A.5. Proba de coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo a proba ou probas que consideren máis adecuada/s.

Esta proba será eliminatoria e cualificarase de cero a tres puntos, sendo preciso acadar unha puntuación de un con cinco puntos como mínimo para superala.

Rematadas as probas, o tribunal outorgará a cada aspirante a puntuación final obtida, que será a resultante de sumar a cualificación da proba de coñecementos coa cualificación obtida na proba de lingua galega. Esta puntuación será determinante para confeccionar a lista de aprobados/as e a lista de reserva prevista.

7.—COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS. 7.1. PROGRAMA.

O programa que rexerá as probas selectivas figurará no Anexo I da convocatoria.

7.2. CALENDARIO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS

A data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio das probas selectivas dará coñecer xunto coa publicación da lista provisional de excluídos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.

7.3. CHAMAMENTO, ORDEN E ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impedira acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así coma no suposto seguinte.

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou posparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes en que concorra a dita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese efectuar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só ao resto das probas.

En calquera caso, daráselle por superado o proceso selectivo a aqueles aspirantes que obtivesen unha puntuación final que non puidera ser acadada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento.

As mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días do puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse co tempo suficiente e o tribunal determinará con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas conxuntamente.

7.4. DURACIÓN DO PROCESO

A duración máxima do proceso de selección será de seis meses.

Dende a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de corenta e oito horas e máximo de corenta e cinco días naturais.

7.5. ANUNCIOS SUCESIVOS

Unha vez comezadas as probas selectivas, os anuncios sobre día, hora e lugar de celebración do resto de probas non se publicarán no Boletín Oficial de la Provincia, senón que se farán públicos polo tribunal nos locais onde se celebrasen as probas anteriores ou no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, con doce horas, alomenos de antelación do comezo das mesmas se se trata do mesmo exercicio, ou de corenta e oito horas se se trata dun novo exercicio.

8.—*CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS.*8.1. *CUALIFICACIÓN DEFINITIVA, ORDEN DE COLOCACIÓN E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.*

Rematadas as probas, o tribunal outorgará a cada aspirante a puntuación final obtida, que será a resultante de sumar a cualificación da proba de coñecementos coa cualificación obtida na proba de lingua galega. Esta puntuación será determinante para confeccionar a lista de aprobados/as e a lista de reserva prevista.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal propoñará ó órgano convocante e fará pública a relación de aprobados, por orde decrecente de puntuación, cuxo número máximo deberá coincidir co de prazas convocadas, propoñendo o nomeamento como persoal funcionario dos aspirantes seleccionados.

O tribunal elaborará tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ó de aprobados, en que figurarán aqueles aspirantes que aínda que superen o proceso selectivo, non resulten aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ó número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevenida, ou outros supostos en que o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión, e sempre con anterioridade ó desenvolvemento do curso correspondente, o órgano convocante, ó abeiro do disposto no artigo 61.8º da Lei 7/2.007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, deberá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadado.

Habida conta da infrarrepresentación do sexo feminino no corpo da policía local e en aplicación do artigo 37 da Lei 7/2004 de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes establece que de existir empate entre dous ou mais candidatos, serán admitidas as mulleres, salvo si considerando obxectivamente todas as circunstancias concurrentes nos candidatos de ambos sexos existisen motivos non discriminatorios para preferir ao home.

De persistir o empate, para o caso do acceso pola quenda libre, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na proba de avaliación dos coñecementos dos aspirantes sobre os contidos do temario correspondente e se isto non fose abondo, e de persistir o empate este resolverase mediante sorteo.

Os/as aspirantes propostos/as polo tribunal serán nomeados/ as funcionarios/as en prácticas e deberán supera-lo curso correspondente na Academia Galega de Seguridade para seren nomeados funcionarios de carreira na categoría de Policía Local do Concello de Ponte Caldelas.

9.—*LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.*9.1. *PUBLICACIÓN LISTA DE APROBADOS.*

Finalizada a cualificación dos aspirantes, o tribunal cualificador publicará a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello, non podendo rebasar en ningún caso a proposta de nomeamento o número de prazas convocadas.

9.2. *ELEVACIÓN LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DO TRIBUNAL*

Simultaneamente a súa publicación o tribunal cualificador elevará a relación expresada á Alcaldía-Presidencia propoñendo o nomeamento como persoal funcionario dos/as aspirantes seleccionados/as.

10.—*SUPERACIÓN DO CURSO SELECTIVO E NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS. 10.1. SOLICITUDE DE PRAZAS NO CURSO SELECTIVO*

O concello convocante comunicará sen demora á Academia Galega de Seguridade Pública a relación do alumnado que debe incorporarse ao curso selectivo, e solicitará a reserva das prazas correspondentes.

10.2.—*NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS*

Para o desenvolvemento do curso selectivo de formación, e o período de prácticas se é o caso, as persoas aprobadas serán nomeadas funcionarias en prácticas, cos dereitos e deberes que legalmente lles correspondan segundo a súa situación e categoría.

10.3.—*CURSO SELECTIVO E OBRIGA DA SÚA SUPERACIÓN*

A superación do curso selectivo resulta obrigatoria para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría correspondente. Só estarán dispensadas de realizar o dito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública e os funcionarios que accedesen por mobilidade desde a mesma categoría desde outros corpos de policía local.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, agás por causas excepcionais, considerarase que o aspirante non superou o proceso selectivo.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na academia, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos acadados no proceso selectivo.

10.4.—PERÍODO DE PRÁCTICAS PARA A CATEGORÍA DE POLICÍA

Para aqueles que ingresen por primeira vez na categoría de policía, o curso selectivo comprenderá tamén un período de prácticas que se desenvolverá no posto de traballo, e que conforma xunto co curso teórico un contínuum na formación e capacitación profesional. Para o persoal funcionario en prácticas que se vaia integrar nos corpos de policía local de nova creación, o período de prácticas podería desenvolverse, en todo ou en parte, noutro concello de características semellantes.

Este período de prácticas terá unha duración de tres meses continuados e realizarase ao remate do curso teórico, agás que a incompatibilidade de datas aconselle repartilo en dúas etapas. En todo caso, será necesario ter realizado dous meses de curso teórico para poder executar a primeira etapa de prácticas.

Durante o período de prácticas o alumnado desenvolverá o seu traballo profesional do xeito que lles permita unha mellor realización práctica dos coñecementos do curso teórico, sempre baixo a supervisión do xefe do corpo de policía local, ou profesional cualificado en que este delegue. Neste período procurárase que o alumnado cumpra cos distintos labores encomendados aos corpos de policía local.

Neste período de prácticas, o alumnado non poderá desfrutar vacacións ou permisos, salvo os que lles correspondan polas libranzas do servizo que estean desenvolvendo. Os días de vacacións que corresponden tanto ao curso teórico como ao período de prácticas, desfrutaranse ao remate de ambos os dous, aínda no caso, de que este feito se producise no seguinte ano do comezo do curso.

10.5.—AVALIACIÓN DO PERÍODO DE PRÁCTICAS E INFORME DO CONCELLO

1) Para obter a condición de funcionario de carreira na escala e categoría correspondente é obrigado superar o período de prácticas.

A Academia Galega de Seguridade Pública facilitará os instrumentos de valoración obxectiva do traballo e das actitudes e aptitudes amosadas polo alumnado no período de prácticas, que incluirán, como mínimo, os seguintes parámetros: actitude persoal, disciplina, relacións co cidadán, cantidade e calidade do traballo, compañeirismo, motivación e superación persoal. A dita academia exercerá unha titoría conxuntamente coas autoridades locais e a xefatura do corpo de policía local.

Ao remate do período de prácticas, valéndose dese instrumento ou cuestionario de avaliación obxectiva facilitado pola academia, o xefe de policía elaborará un informe individual por cada alumno/a, de tal maneira que reflecta se superou ou

non o dito período. Este informe deberá presentarse xunto co escrito, ao que lle serve de base, asinado polo/a alcalde/esa ou concelleiro/a en que delegue, mediante o que o concello dá conta á academia do resultado da avaliación das prácticas.

De conformidade co previsto no parágrafo 2 do artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, os aspirantes, en calquera momento anterior a seren nomeados/as funcionarios/as de carreira, poderán ser sometidos/as ás probas médicas que sexan precisas para comprobar a súa idoneidade. No desenvolvemento a que se refire a disposición adicional, respecto ao cadro médico para a superación das probas da oposición, non poderá derivar ningún prexuízo por circunstancias médicas derivadas da situación de embarazo ou lactación da muller aspirante.

10.6.—INFORME DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E TOMA DE POSESIÓN

Unha vez superado o curso selectivo de que se trate e o período de prácticas, a academia emitirá informe ao concello correspondente certificando tal circunstancia, de xeito que se poida proceder ao nomeamento como persoal funcionario de carreira e á toma de posesión na praza ou posto concreto.

11.—IMPUGNACIÓNS

11.1. As presentes bases e convocatoria poderá ser impugnada de conformidade co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico de Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

11.2. Para o non previsto nestas bases estarase ó disposto á Lei 7/2007, do Estatuto da función pública, Lei 30/1984, do 2 de agosto, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e polo Real decreto 364/1995, polo que se aprobou o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado, o Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre procedemento de selección na administración local, a Lei 4/2.007 de Coordinación de Policía Locais, Decreto 243/2.008 de 16 de outubro polo que se desenvolve a Lei 4/2007 de coordinación de policía locais e a Orde de 28 de xaneiro de 2.009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos deméritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais. Elo non obstante, o tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para o bo orden da convocatoria.”

Contra as presentes bases, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o Alcalde

de este Concello, de conformidade cos artigos 116 e 117 de Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente

En Ponte Caldelas , a 16 de outubro de 2009.—
O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños. **2009011763**

E D I C T O

Sendo publicado anuncio de exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia nº 194 de data 7 de Outubro do 2009, do expediente de modificación orzamentaria mediante transferencia de crédito nº 3/09, entre diferentes Grupos de Función, transcurrido o prazo de exposición pública sen que se presentasen reclamacións ou observacións, elévase a definitiva dita aprobación, quedando o resumo por capítulos do orzamento, englobando todas as modificacións efectuadas ata a presente data e incluíndo estas, como segue:

A) Estado de gastos:

Capítulo 1 Gastos de persoal.....	1.180.015,25 €
Capítulo 2 Gastos en bens correntes e servizo	1.661.407,79 €
Capítulo 3 Gastos financeiros.....	50.000,00 €
Capítulo 4 Transferencias correntes.....	127.855,87 €
Capítulo 6 Invetimentos reais.....	1.876.017,45 €
Capítulo 7 Transferencias de capital	24.000,00 €
Capítulo 8 Variación activos financeiros	10.000,00 €
Capítulo 9 Variación pasivos financeiros	167.968,68 €
Total.....	5.097.265,04 €

B) Estado de ingresos

Capítulo 1 Impostos directos.....	569.000,00 €
Capítulo 2 Impostos indirectos.....	220.000,00 €
Capítulo 3 Taxas e outros ingresos.....	323.420,00 €
Capítulo 4 Transferencias correntes.....	1.995.032,68€
Capítulo 5 Ingresos patrimoniais	7.200,00 €
Capítulo 7 Transferencias de capital	1.350.890,22€
Capítulo 8 Activos financeiros	233.106,60 €
Capítulo 9 Pasivos financeiros.....	398.615,54€
Total	5.097.265,04€

En contra da aprobación definitiva do citado expediente de modificación de crédito, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación, ben ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Pontevedra, ben ante o Xulgado da mesma orde xurisdiccional da circunscripción na que teña o seu enderezo o interesado, á elección do demandante, conforme ó disposto no artigo 8.1 e 46.1 da Lei 29/88, do 13 de xuño, da xurisdicción contencioso-administrativa.

Con todo, o interesado tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime axeitado ó Dereito.

En Ponte Caldelas, a 28 de outubro de 2009.—
O Alcalde, ilexible. **2009012194**

E D I C T O

Sendo publicado anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 194 o Mércores 7 de Outubro de 2009, no que da conta da exposición ao público do expediente de modificación da Base de Execución do Orzamento 2009 nº 13, aprobada inicialmente no Pleno da Corporación na sesión ordinaria de data 24 de Setembro., e tendo transcurrido o prazo de 15 días hábiles, sin que se teña interposto reclamación, considerase definitivamente aprobado.

En Ponte Caldelas, a 28 de Outubro de 2009.—
O Alcalde, ilexible. **2009012195**

E D I C T O

En aplicación do disposto no artigo 177.2 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, que se remite ó disposto no 169 do mesmo texto, exponse ó público polo espacio de 15 días hábiles, que se contarán desde o seguinte ó da publicación no BOP, o expediente de modificación mediante suplemento de crédito nº 2/09, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de data 6 de Novembro de 2009. Durante ese prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. Considerarase definitivamente aprobado se durante ese tempo non se presentasen reclamacións

En Ponte Caldelas, a 6 de novembro de 2009.—
O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños. **2009012378**